

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15022607	Ánxel Casal - Monte Alto	Coruña (A)	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CSSSC03	Animación sociocultural e turística	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1131	Contexto da animación sociocultural	2022/2023	0	107	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	PEDRO LUIS RIAL DEL RIO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Contextualiza a animación sociocultural, para o que analiza as características da educación non formal
RA2 - Caracteriza os procesos de animación sociocultural, para o que analiza os principios de intervención
RA3 - Determina as características dos colectivos de intervención nos procesos de intervención sociocultural, analizando as súas necesidades
RA4 - Caracteriza os ámbitos de animación sociocultural, para o que analiza as características e as necesidades das persoas destinatarias
RA5 - Caracteriza servizos e programas de animación sociocultural en relación coas necesidades e as características das persoas usuarias

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Explicáronse as características da sociedade actual
CA1.2 Analizáronse os modelos de intervención sociocultural na sociedade actual
CA1.3 Analizouse a educación non formal como espazo de intervención dos procesos de animación sociocultural
CA1.4 Describíronse as áreas de actuación da educación non formal
CA1.5 Relacionouse a educación non formal e a animación sociocultural
CA2.1 Identificáronse as bases pedagóxicas da intervención sociocultural
CA2.2 Describíronse os antecedentes e o desenvolvemento da animación sociocultural ao longo da historia
CA2.3 Explicáronse os enfoques da animación sociocultural a nivel internacional
CA2.4 Relacionáronse os conceptos relacionados coa animación sociocultural
CA2.5 Relacionouse a animación sociocultural con algúns conceptos próximos
CA2.6 Describíronse os principios da animación sociocultural
CA3.1 Definíronse os fitos evolutivos das persoas
CA3.2 Analizáronse as características psicolóxicas e sociais dos colectivos
CA3.3 Describíronse as necesidades das persoas ás que vaian destinados os procesos de intervención sociocultural
CA3.4 Organizáronse os espazos de intervención de xeito que se garanta a accesibilidade a todas as persoas
CA3.5 Relacionáronse os espazos de animación sociocultural coas necesidades das persoas usuarias
CA3.6 Establecéronse as medidas de prevención e seguridade nas intervencións socioculturais, tendo en conta as necesidades dos colectivos de intervención
CA4.1 Describíronse os ámbitos da animación sociocultural

Criterios de avaliación do currículo
CA4.4 Caracterízase a profesión de animación sociocultural e turística atendendo á súa formación e outros criterios ou atributos
CA5.1 Analizáronse as políticas de animación cultural a nivel comunitario, estatal, autonómico e local
CA5.2 Identifícanse os axentes sociais que poñen en práctica as políticas
CA5.3 Caracterízanse os servizos, programas e axentes de intervención sociocultural con persoas maiores
CA5.4 Descríbense os servizos, programas e axentes de intervención sociocultural coas persoas con discapacidade
CA5.5 Identifícanse as medidas de accesibilidade aos servizos de intervención sociocultural
CA5.6 Descríbense os servizos de animación sociocultural a través das tecnoloxías da información

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Contextualiza a animación sociocultural, para o que analiza as características da educación non formal
RA3 - Determina as características dos colectivos de intervención nos procesos de intervención sociocultural, analizando as súas necesidades
RA4 - Caracteriza os ámbitos de animación sociocultural, para o que analiza as características e as necesidades das persoas destinatarias
RA5 - Caracteriza servizos e programas de animación sociocultural en relación coas necesidades e as características das persoas usuarias

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Explicáronse as características da sociedade actual
CA1.6 Valorouse a importancia da educación permanente como base dos procesos educativos
CA3.3 Descríbense as necesidades das persoas ás que vaian destinados os procesos de intervención sociocultural
CA3.4 Organizáronse os espazos de intervención de xeito que se garanta a accesibilidade a todas as persoas
CA3.5 Relacionáronse os espazos de animación sociocultural coas necesidades das persoas usuarias
CA3.6 Establecéronse as medidas de prevención e seguridade nas intervencións socioculturais, tendo en conta as necesidades dos colectivos de intervención
CA4.2 Relacionáronse os ámbitos de intervención coas características das persoas usuarias
CA4.3 Analizouse o marco legal dos ámbitos de animación sociocultural
CA4.5 Identifícanse as funcións do persoal técnico en animación sociocultural e turística, tendo en conta os ámbitos de intervención
CA4.6 Identifícanse as principais fontes de información no ámbito da animación sociocultural

Criterios de avaliación do currículo

CA5.8 Valoráronse as medidas de promoción de igualdade de oportunidades nos servizos de intervención sociocultural

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os MÍNIMOS EXIXIBLES para alcanzar a avaliación positiva nesta Proba Libre están indicados nos apartados 2.a e 2.b desta programación.

Teranse en conta como criterios mínimos os seguintes:

- Coñecer a historia de la animación sociocultural a nivel internacional, europeo, estatal e galego.
- Coñecer os conceptos e termos básicos da animación sociocultural e a súa relación coas diversas tipoloxías de educación.
- Determinar os principios e ámbitos de intervención sociocultural.
- Coñecer os procesos evolutivos do ser humano e as características e necesidades das persoas destinatarias.
- Describir o actual marco xurídico, administrativo e normativo sobre a intervención sociocultural a nivel estatal, autonómico e local.
- Coñecer as características psicosociais dos colectivos da intervención sociocultural, analizando as súas necesidades e demandas.
- Caracterizar, describir e valorar a implementación de servizos, programas e recursos en relación aos diferentes sectores e colectivos de poboación destinatarios.
- Identificar as funcións do profesional técnico en animación sociocultural, aplicando estratexias e técnicas de traballo en equipo.

A primeira parte da proba ten carácter eliminatorio. Se cualificará de cero (0) a dez (10) puntos. Para superar positivamente esta primeira parte da proba deberá obter unha puntuación igual ou superior a cinco (5) puntos.

A segunda parte da proba terá tamén carácter eliminatorio. Se cualificará de cero (0) a dez (10) puntos. Para superar positivamente esta segunda parte da proba deberá obter unha puntuación igual ou superior a cinco (5) puntos.

A cualificación final será numérica, entre un (1) e dez (10), sen decimais. Corresponderá coa media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada en número enteiros redondeada á unidade máis próxima.

No caso de que a Comisión de Avaliación exclúa de calqueira parte da proba do módulo Contexto da Animación Sociocultural a algún/algunha aspirante por levar a cabo calquera actuación de tipo fraudulento, ou incumpra as normas de prevención, protección e seguridade durante a realización da proba libre, esa parte da proba será cualificada con cero (0).

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

A primeira parte da proba consistirá nunha proba escrita (exame), que poderá ter preguntas de desenvolver, preguntas tipo test con preguntas de carácter obxectivo, con varias opcións de resposta, sendo só unha delas correcta. Estas preguntas versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Terá un carácter eliminatorio.

No caso de ser un cuestionario tipo test engadiranse preguntas de reserva. No caso de que algunha das preguntas tivera que ser eliminada pasaranse a contabilizar estas. Aquelas preguntas que se respondan incorrectamente baixarán a puntuación, segundo a seguinte fórmula: $((\text{acertos} - \text{n}^\circ \text{ errores}/2) / \text{n}^\circ \text{ de preguntas}) \times 10$. Aquelas preguntas que non se contesten, non puntuarán negativamente.

Esta parte da proba cualificarase de cero a dez puntos. Para superar a proba as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior aos 5 puntos.

A duración desta parte da proba será de 120 minutos.

Será necesaria a identificación mediante DNI, NIE ou pasaporte, que deberá estar enriba da mesa a disposición do profesorado

Material necesario para a realización da segunda parte da proba: Bolígrafo de tinta azul ou negra. Non se permitirá o uso de dispositivos electrónicos.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluír da proba as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

As probas terán sempre un carácter presencial.

4.b) Segunda parte da proba

SEGUNDA PARTE DA PROBA

Terá carácter eliminatorio. Proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

Esta segunda parte da proba conterá exercicios de resolución e análise de casos, de exposición detallada ou comparación, de estruturación dun caso práctico.

Para a cualificación positiva desta segunda parte da proba hai que obter un mínimo de cinco (5) puntos.

A cumprimentación da proba realizarase con bolígrafo de cor azul. A Comisión de Avaliación non permitirá o uso de ningún tipo de dispositivo electrónico durante a duración da proba. Asemesmo, será necesario que as persoas candidatas se identifiquen mediante DNI, NIE ou pasaporte, que deberá estar enriba da mesa a disposición da Comisión de Avaliación.

Os membros da Comisión de Avaliación poderán excluír de calquera parte da proba as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento, ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, a cualificación resultante nesta proba será de cero (0). A primeira parte da proba consistirá nunha proba escrita (exame), que poderá ter preguntas de desenvolver, preguntas tipo test con preguntas de carácter obxectivo, con varias opcións de resposta, sendo só unha delas correcta. Estas preguntas versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Terá un carácter eliminatorio.

No caso de ser un cuestionario tipo test engadiranse preguntas de reserva. No caso de que algunha das preguntas tivera que ser eliminada pasaranse a contabilizar estas. Aquelas preguntas que se respondan incorrectamente baixarán a puntuación, segundo a seguinte fórmula: $((\text{acertos} - \text{n}^\circ \text{ errores}) / 2) / \text{n}^\circ \text{ de preguntas} \times 10$. Aquelas preguntas que non se contesten, non puntuarán negativamente.

Esta parte da proba cualificarase de cero a dez puntos. Para superar a proba as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou



superior aos 5 puntos.

A duración desta parte da proba será de 120 minutos.

Será necesaria a identificación mediante DNI, NIE ou pasaporte, que deberá estar enriba da mesa a disposición do profesorado

Material necesario para a realización da segunda parte da proba: Bolígrafo de tinta azul ou negra. Non se permitirá o uso de dispositivos electrónicos.

As probas terán sempre un carácter presencial.